



## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E A ASOCIACIÓN DE CANS DE SALVAMENTO DE GALICIA “CASAGA” EN MATERIA DE PROTECCIÓN CIVIL**

### **REUNIDOS**

Dunha banda, Alfonso Rueda Valenzuela, Vicepresidente Primeiro e Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra, D. Alejandro Barreiro Fernández, presidente da asociación “Cans de Salvamento de Galicia”, en nome e representación desta, e en virtude das atribucións que lle confiren os estatutos da asociación (nº 770/02 do Rexistro Central da Dirección Xeral de Interior).

### **EXPOÑEN**

O Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, establece que esta vicepresidencia primeira e consellería a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, é o departamento encargado de xestionar as competencias atribuídas á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de protección civil.

O artigo 24 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo (DOG nº 62, do 29 de marzo de 2000), modificado polo Decreto 109/2004, do 27 de maio (DOG nº 108, do 7 de xuño de 2004), polo que se aproban as medidas de coordinación da protección civil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, regula que a Xunta de Galicia poderá asinar convenios de colaboración con entidades públicas e privadas.

Que conforme ao establecido nos artigos 5.3 e 47.2 da Lei 5/2007 de emerxencias de Galicia, a Xunta de Galicia poderá subscribir convenios de colaboración con entidades públicas ou privadas co fin de facilitar a colaboración das mesmas na xestión de riscos e de emerxencias.

O artigo 49 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo, que regula a planificación, as medidas de coordinación e a actuación de voluntarios, agrupacións de voluntarios e entidades colaboradoras en materia de protección civil de Galicia, establece como fin principal a





colaboración coas autoridades competentes na realización de tarefas relacionadas coa protección civil.

Que entre os fins da asociación de Cans de Salvamento de Galicia (CASAGA) está a participación nas tarefas na busca e rescate de persoas desaparecidas ou en perigo, nas que os cans xogan un papel preponderante, formando equipos ou colaborando cos equipos existentes.

Que o Servizo de Protección Civil é un servizo esencial e de carácter excepcional na nosa comunidade xa que funciona as 24 horas do día os 365 días do ano. Ao ser imposible planificar todas as actuacións nas emerxencias, xa que ocorren a calquera hora e día do ano, estas non se poderían afrontar coa mesma garantía se non se tiveran en conta todos os medios existentes, especialmente aqueles que teñen un carácter específico e especializado.

Que entre os medios e recursos mobilizables pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, é conveniente contar en determinados momentos, ademais dos propios, con medios alleos co fin de optimizar recursos e orzamentos, sendo obxecto deste convenio a colaboración con CASAGA, coa intervención dos seus equipos caninos, na busca, localización e rescate de persoas desaparecidas ou en perigo.

Dado que estas funcións son exercidas de forma exclusiva na zona norte da provincia da Coruña e Lugo por CASAGA, non é posible a aplicación dos principios de publicidade e concorrência pública, de acordo co establecido na Lei 1/2016 do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno, na administración pública galega.

Por isto ámbalas dúas partes,

## ACORDAN

### Primeiro.- Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é establecer as bases para a colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, e a Asociación Cans de Salvamento de Galicia (CASAGA), para colaborar no financiamento das intervencións de esta no apoio das actuacións de órganos e autoridades competentes en materia de protección civil e emerxencias, na busca e rescate de persoas desaparecidas tanto no ámbito da zona norte da provincia de A Coruña e na provincia de Lugo coma, se fora necesario, noutros espazos xeográficos da Comunidade Autónoma de Galicia.





## **Segundo. Solicitud de colaboración**

Sen prexuízo das prestacións que CASAGA, con carácter xeral, pode vir obrigada a realizar pola lexislación sobre protección civil, prestará apoio á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior cando lle sexa requirida a través da Central de Atención de Emerxencias 112-Galicia, participando cos cans adestrados e os seus guías nas situacións que lle son propias, colaborando en accións de busca e rescate de persoas e axustándose ás directrices ditas pola dirección xeral, que será, en todo momento asesorada polo responsable técnico de CASAGA.

## **Terceiro. Responsable de asesoramento**

CASAGA designará o membro da asociación, que será o responsable de aportar a súa cooperación e asesoramento á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior en todos aqueles problemas operacionais de busca e rescate con cans adestrados nos que a súa competencia técnica sexa necesaria.

## **Cuarto. Estrutura e organización**

CASAGA facilitará á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior información detallada e oportunamente actualizada da estrutura e medios dos que dispón: número e formación dos adestradores, número de cans operativos, número de cans en formación, as súas peculiares características, métodos de posta en acción, ámbito de actuación, sistemas de alerta e calquera outro dato que permita a urxente mobilización dos mesmos no caso de emerxencia.

## **Quinto. Seguros**

CASAGA, deberá contar cun seguro de accidentes e responsabilidade civil que cubra as actividades realizadas, incluíndo a cada un dos cans que formen parte dos equipos de salvamento.

## **Sexto. Libramentos de fondos**

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, colaborará nos custos que xeran as actividades obxecto do presente convenio, reflectido no orzamento global de previsión de gastos (anexo I), con cargo á aplicación orzamentaria 05.25.212A.640.00 e código de proxecto 2015 00122 dos orzamentos do ano 2021, por un importe de trece mil euros (13.000 €).

Os cargos comprenderán:





- Gastos derivados da asistencia a cursos, reunións e probas que estean relacionadas coas actividades desenvolvidas polo grupo para a súa formación e preparación.
- Manutención, desprazamento e aloxamento dos equipos (cans e guías) de CASAGA.
- Pagamento de seguros dos cans e guías que pertencen aos equipos de rescate e salvamento de CASAGA, así como gastos de atención veterinaria: vacinas, medicamentos, desparasitación e outros.
- Actividades de adestramento, formación e divulgación que os membros da asociación realicen dirixidas a outros grupos ou á poboación en xeral.
- Gastos de vestimenta e material funxible necesario para as intervencións.

Para percibir a cantidade que chega a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, CASAGA presentará os seguintes documentos:

- A conta xustificativa dos gastos totais realizados e a documentación acreditativa do seu pago (nóminas facturas, etc), tendo en conta que a cantidade máxima que se obriga a aportar a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo será de trece mil euros (13.000 €), que se reducirá na mesma proporción á cantidade xustificada respecto do orzamento total (anexo I).
- Facturas e xustificantes de pagamento correspondentes aos gastos totais realizados. Consideraranse xustificante de pagamento válido unicamente os extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados polo presidente da asociación.
- Para aquelas compras realizadas en metálico, de ata 1000 euros por factura, será suficiente a factura orixinal ou compulsada polas oficinas de rexistro en que figure “pagado” xunto coa sinatura e o número de NIF da persoa encargada da empresa subministradora.
- Documentos de liquidación de gastos de mantemento, desprazamento e loxística, polo cumprimento das actividades do convenio, na que figure tanto a conformidade do presidente da asociación como o “recibín” do perceptor desta compensación.

No caso de non presentarse as facturas suficientes no prazo establecidos ou ben non ser correctas na súa totalidade, verase reducida na mesma proporción que a cantidade xustificada respecto do orzamento total.

A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior acompañará unha certificación na que se indique o cumprimento, por parte de CASAGA, das obrigas contidas neste convenio.





Toda a documentación xustificativa descrita nesta cláusula deberá estar en poder da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, a máis tardar, o 30 de novembro de 2021.

### **Sétimo. Publicidade**

Este convenio será obxecto de publicación de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de presupostos xerais da comunidade autónoma para o ano 2006, e o artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

### **Oitavo. Comisión de seguimento**

Créase unha comisión mixta que se reunirá polo menos unha vez ao ano, constituída por dous representantes por cada unha das partes, que velará polo cumprimento das estipulacións deste convenio e proporcionará o soporte de xestión axeitado para atender os supostos que as circunstancias puideran deparar, e propoñer as actuacións que sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do mesmo.

Pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior: un subdirector xeral da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior e un técnico dependente da mesma.

Por CASAGA: O presidente e o secretario da asociación.

### **Noveno. Causas de resolución**

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- c) Pola non presentación das facturas correctas antes da data estipulada para o termo da súa vixencia

De se resolver o convenio, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo poderá, de ser o caso, esixir o reintegro das cantidades achegadas.





### **Décimo. Lexislación aplicable**

As dúbidas que se presenten na súa interpretación, caso de discrepancias, serán resoltas, visto o informe da comisión de seguimento, polo vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, poñendo así fin á vía administrativa.

O incumprimento de calquera das cláusulas do presente convenio constituirá causa suficiente de rescisión do mesmo, dando lugar á súa resolución e, no seu caso, á devolución das cantidades percibidas, xunto cos xuros de demora correspondentes si fora o caso.

O presente convenio ten carácter administrativo, quedando ámbalas dúas partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir como consecuencia do mesmo e ó disposto polo Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, segundo especifica o seu artigo 4, ao non previsto aplicarlles os principios recollidos no citado texto, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, de maneira supletoria terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

### **Décimo primeiro. Vixencia**

A data de efectos do presente convenio será dende o momento da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021.

En proba de conformidade asínase electronicamente o presente convenio na data que figura á marxe.





**ANEXO I**

**ORZAMENTO GLOBAL ESTIMADO DE PREVISIÓN DE GASTOS**

**ASOCIACIÓN DE CANS DE SALVAMENTO DE GALICIA**

|                                                                   |                 |
|-------------------------------------------------------------------|-----------------|
| Asistencia a actividades de formación, adestramento e divulgación | 3.000 €         |
| Manutención, desprazamentos aloxamento de equipos caninos         | 3.000 €         |
| Seguros, gastos de atención veterinaria                           | 4.000 €         |
| Gastos de vestimenta e material funxible                          | 1.200 €         |
| Apartado de imprevistos                                           | 1.800 €         |
| <b>Total:</b>                                                     | <b>13.000 €</b> |

